

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión EXTRAORDINARIA
celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 4 de AGOSTO de 2015**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión PLENARIA EXTRAORDINARIA DE ORGANIZACIÓN que terá lugar o martes, 4 de agosto de 2015, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

1.-Aprobación da acta da sesión constitutiva, nº 8/2015, do 16 de xullo.

Asuntos para coñecemento do Pleno:

2.-Toma de coñecemento da constitución dos grupos políticos e da designación dos seus integrantes e portavoces.

3.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia sobre o nomeamento de membros da Xunta de Goberno.

4.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia sobre o nomeamento de vicepresidenta.

5.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia sobre a delegación de atribucións do presidente na Xunta de Goberno.

6.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia sobre a delegación de atribucións do presidente nos deputados membros da Xunta de Goberno.

Asuntos para acordo do Pleno:

7.-Proposta sobre o réxime de sesións do Pleno e da Xunta de Goberno.

8.-Proposta sobre a creación, composición e réxime de sesións das Comisións Informativas Permanentes.- Xunta de portavoces.

9.-Proposta sobre as delegacións de competencias do Pleno na Xunta de Goberno.

10.-Proposta sobre o nomeamento de representantes da Deputación en organismos varios.

11.-Proposta sobre o réxime de retribucións e indemnizacións aos membros da Corporación provincial.

12.-Proposta sobre a determinación do número, características e retribucións do persoal eventual.

13.-Proposta de asignación aos grupos políticos provinciais.

D. CARLOS NEGREIRA SOUTO	PP
D. JOSÉ LUIS OUJO POUZO	PP
D. EDUARDO JOSÉ PARGA VEIGA	PP
D. JUAN VICENTE PENABAD MURAS	PSOE
D. JOSÉ MANUEL PEQUEÑO CASTRO	PSOE
D. XOSÉ REGUEIRA VARELA	BNG
D. JULIO SACRISTÁN DE DIEGO	PSOE
D ^a . M ^a GORETTI SANMARTIN REI	BNG
D. XESÚS MANUEL SOTO VIVERO	BNG

Non asiste a Sra. Padín Fernández.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e cinco minutos, o Sr. secretario le os asuntos incluídos na orde do día, en relación aos cales, por unanimidade, excepto nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

Sr. Presidente

Por acordo imos empezar cun minuto de silencio en homenaxe ás vítimas do crime de Moraña, Amaia e Candela.

1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN CONSTITUTIVA, Nº 8/2015, DO 16 DE XULLO.

Por unanimidade, apróbase a acta da sesión constitutiva, nº 8/2015, do 16 de xullo.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DA CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS E DA DESIGNACIÓN DOS SEUS INTEGRANTES E PORTAVOCES.

Don Valentín González Formoso, presidente da Deputación Provincial da Coruña

Visto que o artigo 24 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 25 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), dispón que “da constitución dos grupos políticos e dos seus integrantes e portavoces, o presidente daralle conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre tras cumprirse o prazo” legalmente establecido.

Cumpridos os requisitos establecidos no artigo 73.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL) e no artigo 23 RODC, concordante co artigo 24 ROF, normas aplicables á constitución dos grupos políticos provinciais,

DOU CONTA AO PLENO

de que quedan constituídos os grupos políticos cos/coas integrantes e portavoces que deseguido se sinalan:

“Grupo Popular”, integrado polos/as trece deputados/as elixidos/as polo Partido Popular de Galicia
Portavoz: Diego Calvo Pouso.
Portavoces suplentes: Mariel Padín Fernández e, no seu defecto, calquera deputado/a do Grupo Popular.

“Grupo Provincial Socialista”, integrado polos oito deputados elixidos polo Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE
Portavoz: Don Julio Sacristán de Diego.
Portavoces suplentes: Bernardo Fernández Piñeiro, José Luis García García, José García Liñares, Antonio Leira Piñeiro, Juan Vicente Penabad Muras, José Manuel Pequeño Castro.

“Grupo Bloque Nacionalista Galego – Asembleas Abertas”, integrado polos/as cinco deputados/as elixidos/as polo Bloque Nacionalista Galego – Asembleas Abertas.
Portavoz: Xosé Regueira Varela.
Portavoces suplentes: Resto das e dos membros do grupo.

“Grupo Provincial Marea Atlántica”, integrado polos/as tres deputados/as elixidos/as pola Marea Atlántica.
Portavoz: Daniel Díaz Grandío.
Portavoces suplentes: Claudia Delso Carreira, María Rocío Fraga Sáenz.

“Grupo Compostela Aberta”, integrado polo deputado elixido por Compostela Aberta.
Portavoz: D. Manuel Dios Diz.

“Grupo Alternativa dos Veciños”, integrado polo deputado elixido pola Alternativa dos Veciños (A.V.).
Portavoz: D. Ángel García Seoane.

3.-TOMA DE COÑECEMENTO DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE O NOMEAMENTO DE MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO.

A Corporación toma coñecemento da Resolución da Presidencia nº 15489 do 20.07.2015, que literalmente di:

“Don Valentín González Formoso, presidente da Deputación Provincial da Coruña

Visto que o artigo 35 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL) determina que a Xunta de Goberno está integrada polo presidente e un número de deputados non superior ao terzo do número legal destes, nomeados e separados libremente por aquel, dando conta ao Pleno. Esta mesma previsión está no

número 4 do artigo 104 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGa) e nos números 1 e 2 do artigo 49 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 72 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF).

Engade o número 4 do artigo 49 RODC que os nomeamentos e cesamentos serán adoptados coas formalidades prescritas no artigo 43 RODC, é dicir, mediante resolución da que se dará conta ao Pleno na primeira sesión que celebre e que será notificada persoalmente aos designados e publicada no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte ao da sinatura da resolución polo presidente, se nela non se dispón outra cousa.

En consecuencia,

RESOLVO:

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial da Coruña comporase do presidente da Deputación e dos dez deputados e deputadas seguintes:

D^a María Goretti Sanmartín Rei
D. José Luis García García
D. José García Liñares
D. Antonio Leira Piñeiro
D. José Manuel Pequeño Castro
D. Julio Sacristán de Diego
D^a María Ánxela Franco Pouso
D. Manuel Muiño Espasandín
D. Xosé Regueira Varela
D. Xesús Manuel Soto Vivero

A presente resolución será notificada de inmediato aos designados/as e publicada no Boletín Oficial da Provincia. Dela darase conta ao Pleno na primeira sesión que celebre.”

4.-TOMA DE COÑECEMENTO DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE O NOMEAMENTO DE VICEPRESIDENTA.

A Corporación toma coñecemento da Resolución da Presidencia nº 15436, do 16.07.2015, que literalmente di:

“Vistos os artigos 34, número 3, e 35, número 4, da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL), así como o artigo 104, número 2, da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGa) e os artigos 43, 44 e 45 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordantes cos artigos 66, 67 e 68 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF).

Tendo en conta a urxente necesidade de prever canto antes a substitución do presidente da Deputación nos casos legalmente determinados, mesmo antes de dispor definitivamente sobre a organización da Deputación e sinaladamente sobre a composición da Xunta de Goberno.

En consecuencia,

RESOLVO:

Nomear membro da Xunta de Goberno e vicepresidenta primeira e única da Deputación Provincial da Coruña á deputada dona **María Goretti Sanmartín Rei**.

En ulterior Resolución determinarase a composición definitiva da Xunta de Goberno para os efectos do establecido no número 1 do artigo 35 LBLR sobre a constitución dese órgano.

Esta resolución será efectiva desde o día 16 de xullo de 2015.

A presente resolución será notificada de inmediato á designada e publicada no Boletín Oficial da Provincia. Dela darase conta ao Pleno na primeira sesión que celebre.”

5.-TOMA DE COÑECEMENTO DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE A DELEGACIÓN DE ATRIBUCIÓNS DO PRESIDENTE NA XUNTA DE GOBERNO.

A Corporación toma coñecemento da Resolución da Presidencia nº 16.643, do 30.07.2015, que literalmente di:

“Visto que os artigos 34.2 e 35.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL), o artigo 105.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGa) e o artigo 40.2 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 63.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), prevén que o presidente da Deputación poida delegar determinadas atribucións na Xunta de Goberno,

RESOLVO:

Delegar as seguintes atribucións do presidente na Xunta de Goberno:

- A aprobación da oferta de emprego público de acordo co orzamento e o cadro de persoal aprobados polo Pleno, a aprobación das bases das probas para a selección do persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo e a distribución das retribucións complementarias que non sexan fixas e periódicas (LBRL, 34.1.g), excluídas gratificacións e horas extraordinarias.
- A adquisición de bens inmoables e a de mobles de valor histórico-artístico que se adquiren por esta cualificación.
- A emisión de informes requiridos á deputación por diversas normas e que non sexan competencia do pleno.
- A aprobación das bases de subvencións, cuxa competencia corresponda inicialmente ao presidente.

- Informar do proxecto de orzamento antes de remitilo ao pleno para a súa aprobación inicial.

A delegación das atribucións sinaladas inclúe, en cada caso, a facultade de resolver os recursos de reposición que puideran interpoñerse e rexerese especificamente polos artigos 86 a 90 RODC. Producirá efecto a partir do día da sinatura desta resolución. Non obstante, os procedementos que estivesen xa iniciados nesa data, aínda que pertencen ao ámbito inicial da delegación, serán resoltos en todo caso polo presidente da Deputación, quen solucionará ademais os conflitos e as dúbidas que da aplicación dos actos delegados poidan xurdir.

Esta resolución será publicada no Boletín Oficial da Provincia e desta darase conta ao Pleno na primeira sesión que celebre.”

6.-TOMA DE COÑECEMENTO DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE A DELEGACIÓN DE ATRIBUCIÓN DO PRESIDENTE NOS DEPUTADOS MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO.

Sr. Secretario

Aquí hai unha segunda resolución, de data 30 de xullo, engadindo ás facultades anteriores outras relativas á sinatura de protocolos e convenios en relación ás materias delegadas.

A Corporación toma coñecemento da Resolución da Presidencia nº 15671 do 27.07.2015, que literalmente di:

“Visto que os artigos 34.2 e 35.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL) e os artigos 40.3, 41 e 42 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordantes cos artigos 63.3, 64 e 65 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), prevén que o presidente poida delegar determinadas atribucións nos deputados membros da Xunta de Goberno,

RESOLVO:

Conferir as seguintes delegacións xenéricas a prol dos deputados/as e membros da Xunta de Goberno que se indican para a dirección e xestión das áreas de goberno provincial que a seguir se relacionan:

1. Deputado de Economía, Facenda, Contas, Persoal e Réxime Interior: Don **Antonio Leira Piñeiro**;
2. Deputada de Benestar Social, Educación e Políticas de Igualdade de Xénero: Dona **Ánxela Franco Pouso**;
3. Deputado de Promoción Económica e Emprego: Don **José Luis García García**;
4. Deputada de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Asistencia a Municipios e Normalización Lingüística: Dona **María Goretti Sanmartín Rei**;

- Baixo a supervisión da deputada responsable desta área, atribúese delegación especial en materia de Asistencia a Municipios a don **Manuel Muíño Espasandín**.
5. Deputado de Infraestruturas Viarias, Vías e Obras provinciais e Medio Ambiente: Don **José Manuel Pequeño Castro**;
 6. Deputado de Cultura, Turismo e Patrimonio Histórico-Artístico: Don **Xosé Regueira Varela**;
 7. Deputado de Deporte e Mocidade: Don **José García Liñares**;
 8. Deputado de Contratación, Patrimonio e Equipamento: Don **Xesús Soto Vivero**.

As delegacións xenéricas que se outorgan comprenden, no ámbito das áreas asignadas, a dirección, inspección e impulso de obras e servizos, así como a execución das disposicións de carácter xeral e dos actos e acordos dos órganos de goberno, cuidando da súa publicación, para tales tarefas poderá obter os asesoramentos técnicos necesarios.

As delegacións inclúen o recoñecemento aos deputados/as delegados/as de amplas facultades de proposta en materias tales como:

- consignación dos créditos necesarios para a súa xestión no proxecto de orzamento provincial ou nas modificacións de crédito cuxa aprobación corresponda ao Pleno ou ao presidente;
- proxectos de obras e prescricións técnicas dos servizos previstos no orzamento e asignados á súa área; gasto e facturas que deba aprobar o órgano competente, previos os informes preceptivos;
- bases de convocatoria das subvencións previstas no orzamento provincial cuxa xestión lle estea encomendada;
- organización e xestión do persoal adscrito ás áreas asignadas;
- nomeamento e cesamento do persoal eventual adscrito á área asignada;
- textos de ordenanzas e regulamentos aplicables directamente na súa área.

Os deputados delegados participarán, sempre que sexa posible, nos organismos de coordinación e xestión administrativa, comisións de seguimento ou outros, en canto afecte ás áreas que pola presente resolución se lles asignan.

Estas delegacións producirán efecto a partir do día da sinatura desta resolución e rexeranse especificamente polos artigos 86 a 90 RODC no que se refire á súa aceptación, revogación, modificación, facultades do órgano delegante, prohibición de subdelegación e prazo, sen prexuízo da aplicación supletoria da normativa xeral sobre réxime local e procedemento administrativo.

O presidente da Deputación resérvase expresamente a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros e resolverá sen máis trámite os conflitos e as dúbidas que da aplicación dos actos delegados poidan xurdir.

Esta resolución será notificada aos deputados/as delegados/as para a súa aceptación, será publicada no Boletín Oficial da Provincia e dela darase conta ao Pleno na primeira sesión que celebre.”

Así mesmo, toma tamén coñecemento da Resolución da Presidencia nº 16.642, do 30.07.2015, que modifica a anterior e que literalmente di:

“Visto que os artigos 34.2 e 35.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL) e os artigos 40.3, 41 e 42 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordantes cos artigos 63.3, 64 e 65 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), prevén que o presidente poida delegar determinadas atribucións nos deputados membros da Xunta de Goberno,

RESOLVO:

Modificar a Resolución da Presidencia número 15671/2015, do 27-07-2015 no sentido que onde di:

«As delegacións xenéricas que se outorgan comprenden, no ámbito das áreas asignadas, a dirección, inspección e impulso de obras e servizos, así como a execución das disposicións de carácter xeral e dos actos e acordos dos órganos de goberno, coidando da súa publicación, para tales tarefas poderá obter os asesoramentos técnicos necesarios»

Debe dicir:

«As delegacións xenéricas que se outorgan comprenden, no ámbito das áreas asignadas, a dirección, inspección e impulso de obras e servizos, así como a execución das disposicións de carácter xeral e dos actos e acordos dos órganos de goberno, coidando da súa publicación, para tales tarefas poderá obter os asesoramentos técnicos necesarios. Atribúese aos deputados delegados a facultade de asinar os protocolos e convenios relativos ás materias delegadas»

7.-PROPOSTA SOBRE O RÉXIME DE SESIÓNS DO PLENO E DA XUNTA DE GOBERNO.

INTERVENCÍONS

Sra. Sanmartín Rei

Bo día e vou solicitar e comunicar, antes de máis nada, para axilizar o debate, a posibilidade de facer referencia ao conxunto das propostas que imos votar nestes puntos, que logo votaremos separadamente, mais facer o debate conxuntamente, todas as propostas que aparecen nos puntos 7, 8, 9, 10, 11, 12 e 13, farei referencia ao conxunto de todas elas no nome do Goberno, mais sobre todo voume centrar naquelas relativas aos puntos número 8, sobre as comisións informativas permanentes e a xunta de portavoces, a número 11, sobre o réxime de retribucións e indemnizacións aos membros da Corporación, a 12, sobre a proposta e determinación do número, características e retribucións do persoal eventual e a 13 sobre a proposta de asignación aos Grupos políticos, por consideralas as máis relevantes.

A primeira cuestión que quero facer é xustificar o feito de facelo así, de incluírmos todos estes apartados nun debate que desde a nosa perspectiva ten que ser global, ten que ser inclusivo, non pode entenderse cada punto destes de maneira illada, senón que van ligados entre si e conectados co proceso de negociación que desenvolvemos nas últimas semanas e que terá ademais continuidade nos próximos orzamentos, que non remata aquí hoxe neste Pleno.

Como ben é sabido, como non podemos deixar de recoñecer, porque ademais tivo tamén transcendencia exterior, un proceso de negociación que recoñecemos que non conseguir satisfacer ao conxunto dos Grupos aquí representados, aínda así, e aínda desde esta perspectiva, o Grupo de Goberno quere comunicar que o debate queda aberto, que continuamos cun compromiso que mesmo se pode substanciar en calquera momento coa incorporación ao Goberno doutros Grupos, tal e como así foi proposto, e un compromiso fundamental para traballar conxuntamente na construción dunha nova institución, dun novo xeito de funcionar, dun novo xeito de funcionar de maneira máis eficaz e máis xusta, en beneficio dos concellos e para respectar a súa autonomía. Este é un elemento central que quero considerar, estamos nun punto que non é un punto de chegada, é un punto de partida, estamos aquí iniciando un proceso, iniciando un camiño, e decidimos finalmente tomar unhas escollas porque había unha necesidade absolutamente imperiosa de comezar a traballar, de comezar a traballar neste novo momento político e, polo tanto, estou segura, estamos seguros todos os membros do Goberno que algunhas das diverxencias que hoxe aquí se poidan manifestar acabarán por ser cuestións pouco significativas ante os retos dese futuro inminente ante o que nos encontramos. Nós queremos, nós pretendemos que o conxunto das deputadas e deputados que aquí estades presentes nestes momentos xulgedes este Goberno por cumprir un programa, un programa que fixemos público, un programa coñecido, un programa cuns obxectivos ben definidos polo que nos comprometemos a traballar e a dedicar todo o noso tempo e toda a nosa enerxía. Máis evidente, entrando xa en fariña, indo xa á cuestión central que nos ocupa, que en calquera mandato municipal, en calquera mandato, o Pleno de organización é absolutamente importante, porque do que se trata é de garantir que ao longo dos catro anos próximos todos os grupos políticos, todo os Grupos, tanto do Goberno como da oposición, poidan realizar, poidan desenvolver o seu labor, o seu labor de goberno ou o seu labor de oposición, e este Grupo de Goberno demostrou desde o primeiro momento o seu interese en poñer a disposición de todas as formacións a posibilidade de se expresaren como Grupo propio, ese foi o noso primeiro compromiso, a posibilidade de se expresaren como Grupo propio, de dispoñeren de dedicación exclusiva para cada persoa portavoz de Grupo e de dotar a todos os Grupos de persoal de Gabinete. Desde a nosa perspectiva este é o elemento principal do debate, todos os Grupos van ter medios e recursos para desempeñar as súas funcións e as súas responsabilidades. Temos unha Corporación que sabemos plural, felicitámonos por esa pluralidade e queremos que se manifeste e que conte esa diversidade de voces.

Despois de que as cuestións relativas xustamente, algunhas cuestións relativas a este Pleno de organización trascendesen publicamente, xa nós tamén anunciamos que a nosa proposta de organización estaba asentada sobre dous piares básicos, dous piares básicos que son o aforro e que son a participación. Hai un importante aforro orzamentario no funcionamento ordinario desta institución, nas propostas que aquí presentamos e que están nos puntos que xa deputados e

deputadas coñecen pola documentación que foi enviada, un aforro que ciframos en arredor de catro millóns de euros ao longo do mandato, e que afecta, non só a aquelas cuestións que imos tratar hoxe aquí, gastos da corporación, persoal eventual, senón tamén a outras que son compromisos de futuro e compromisos que se van ir manifestando, que se van ir concretando nos próximos orzamentos, lembremos aquí supresión das direccións de área, redución importantísima en publicidade, en propaganda, en gastos de protocolo, son cuestións e cambios que precisan mudanzas de todo tipo, mesmo na RPT e, polo tanto, de todas as maneiras queremos deixar aquí explícita esta cuestión para nos próximos orzamentos de 2016 continuar a desenvolver aquelas cuestións que están recollidas no noso programa, no noso acordo.

Mais teño que determe, como é lóxico, nas seguintes medidas que son hoxe obxecto de propostas do Pleno, o aforro en persoal eventual, o aforro de 92.000 euros ao ano, co criterio de eliminación dos niveis altos, dos niveis 26 e 28, redución ao mínimo de niveis aínda superiores, utilización polo tanto de niveis intermedios e baixos, e pasar de 32 postos a 26, o que significa case 400.000 euros menos no conxunto do mandato. Ou aforro tamén nas asistencias a Comisións e Plenos, ao rebaixar a 500 euros á asistencia a Plenos e á 300 euros á asistencia a Xuntas de Goberno e Comisións Informativas, para as persoas que non teñen dedicación exclusiva, quero lembralo, única e exclusivamente por suposto, para as persoas que non teñen dedicación exclusiva, así como o límite de tres asistencias que se poden cobrar ao mes, iso significa unha cantidade que ao mellor, se a miramos así, mes a mes, dicimos pois son 670 euros ao mes de aforro por deputada, deputado, e unha cantidade superior aos 150.000 euros de aforro ao ano, uns 600.000 euros no conxunto do mandato.

É certo, e é evidente, que estamos nunha Corporación moi plural, o que obriga a destinar maiores recursos económicos a esa diversidade, é lóxico, polo tanto, que no apartado dedicado a retribucións da Corporación nas dedicacións exclusivas, xa que pasamos tamén de oito a dez persoas deputadas con dedicación exclusiva, que a cantidade neste apartado teña un lixeiro incremento, pero é un incremento de 30.000 euros, realmente o criterio de diminución do gasto está claro se nos fixamos na media das retribucións por dedicación exclusiva que agora se sitúan en 52.000 euros, fronte aos 61.000 da etapa anterior, ao redor de 9.000 euros de diferenza.

Se esta cuestión, xa digo, dun importante aforro, que vai ter a súa continuidade nas propostas que virán nos vindeiros meses ligadas aos próximos orzamentos, hai outro elemento que para nós foi fundamental que é a participación e a aposta polos organismos colexiados, por dotar xustamente de maior reforzo esas decisións que teñen que ser colectivas, que teñen que participar, implicarse, colaborar, o conxunto dos grupos políticos e das persoas que os representan nesta Cámara. De aí lembro unha cuestión á que fixen referencia levemente, a que todos os grupos políticos son Grupos independentes, teñen representación e voz de seu nas comisións e, o que é moito máis importante, por suposto, no Pleno. E máis alá do Pleno e das Comisións Informativas vai dársele un especial protagonismo á xunta de portavoces, unha xunta de portavoces que este Goberno entende como un órgano de debate e de coordinación dos asuntos que van á Xunta de Goberno e ao Pleno, e que se reunirá unha vez mes, antes de cada Pleno, e irá dando conta de todas aquelas cuestións que pasen pola Xunta de Goberno que vaian ir á Xunta de Goberno.

Quero destacar tamén, en nome do goberno, o interese de que os organismos colexiados sexan foros vivos de debate en que poida participar un número importante, sen facelas imposibles de manexar, mais si en que poidan participar un número relevante de deputados e deputadas, e non simplemente unha persoa por cada Grupo, porque desde a nosa perspectiva necesitamos fomentar esa maior participación da Corporación e non temos que esquecer tampouco que o voto nas Comisións Informativas non é vinculante, o importante é o debate, o estudo, a análise e o coñecemento previo, mesmo sabemos que é habitual que os Grupos da oposición moitas veces que se absteñan, que reserven a súa posición e o seu voto definitivo para o Pleno, por tanto, entendendo que a composición das Comisións Informativas, que nós aquí defendemos, cumpren todos os requisitos fundamentais que son, proporcionalidade e participación de todos os Grupos, entendemos que non hai ningunha razón para non apoiar a que aquí se fai explícita, a que aquí nós defendemos.

Tamén consideramos, noutra orde de cousas, que debe de existir para os Grupos políticos poderen desenvolver o seu traballo, no conxunto do territorio que representamos, unha asignación, facéndose, é certo, con criterios absolutamente claros, con transparencia, con rigor no que teñen que ser destino de fondos públicos, e totalmente controlados. Por iso, o que facemos, adiantándonos xa tamén, queremos facer aquí público este compromiso, igual que o da supresión das direccións de área, incluír, recoller tamén esa dotación económica necesaria para, ou ben nun Expediente de modificación de crédito, ou nos próximos orzamentos, fixar un financiamento aos Grupos políticos, un financiamento que pensamos que debe situarse nos 1.000 euros ao mes fixo por Grupo e 150 euros por deputado, deputada, ao mes.

E, finalmente, xa digo que fago referencia ás cuestións que desde a nosa perspectiva son as máis relevantes nesa proposta, eu quero facer finalmente xa un chamamento nesta defensa, facer referencia a que isto, por suposto, é unha obra inacabada, lembrando o que dicía ao comezo, isto non é ningún punto de chegada, senón que é un punto de partida, por tanto é lóxico que sexa parcialmente insatisfactoria, probablemente tamén para os membros do Goberno, parcialmente insatisfactoria, mais fixémonos na outra parte, parcialmente satisfactoria, parcialmente recollendo moitísimos dos aspectos que para nós eran cruciais, e polo tanto quero apelar ao esforzo de todos os Grupos por chegarmos a puntos comúns de acordo.

O Grupo de Goberno leva facendo nestas últimas semanas un esforzo por falar con todos os Grupos para intentar ter unha proposta de consenso, e tivo mesmo a exquisitez política de non facer pública a proposta, por suposto, antes de falar con todo o mundo, e sobre todo, e repito, reitero o que dixen inicialmente, garantiu que todos os Grupos poidan ter os medios necesarios para desenvolver o seu labor.

O que nos gustaría transmitir tamén é que a partir de agora, a partir de mañá, o que temos é que colaborar todas as persoas aquí presentes, todos os deputados, todas as deputadas, e que se comece a falar da Deputación da Coruña polo que imos facer. Sabemos que hai moita expectación, nos concellos e na sociedade en xeral, para ver os cambios que poida haber nesta institución, mudanzas que teñen que ver coa relación da Deputación cos concellos, co trato xusto con todos os concellos, con esa aposta pola transferencia de infraestruturas e de servizos á Xunta e aos

concellos, todas elas cuestións que deben centrar a axenda e o debate político nesta Corporación desde hoxe mesmo. Eu apelo a ese exercicio de responsabilidade para que esta institución se poña a traballar, para que non se deteña por algunhas cuestións que é certo que teñen a súa importancia, mais que non xustifican unha parálise no seu funcionamento cando ningún Grupo pode dicir que non dispón de medios humanos e materiais necesarios para desempeñar as súas responsabilidades.

Estou particularmente convencida, non sei se polo meu optimismo natural, ou por outras cuestións, mais en xeral estamos convencidas todas as persoas que formamos parte do Goberno de que imos ter moitas posibilidades nos próximos tempos de chegar a acordos, a acordos relevantes e a consensos mesmo imprescindibles, para iso temos que ser capaces de situar o debate político nos problemas que teñen os concellos e a veciñanza, iso é o que nos debe ocupar e preocupar, e é por iso que desde ese convencemento que vos falo, desde ese compromiso de traballo incesante, que nós si que nos comprometemos a realizar, precisamos a vosa implicación, a implicación do conxunto das persoas que formamos parte da Deputación da Coruña, e é por iso que solicito xa, finalmente, o voso apoio para esta proposta para, a partir de mañá, pórmonos con toda a intensidade do mundo a traballar na solución, na resposta a eses problemas que teñen os concellos, que ten a veciñanza que reside neles. Obrigada.

Sr. García Seoane

Hai asuntos dos que se falaron, dos que veñen na orde do día que son realmente temas de acordo eu creo que unánime da Corporación, hai outros que teñen matices, en concreto voume referir ao tema dos salarios, das asignacións, das axudas de custo.

As eleccións realizáronse e a cidadanía quixo un cambio, quixo un cambio, e ese cambio está hoxe aquí, hai un novo Goberno na Deputación, haberá que preguntarse por que a cidadanía quixo un cambio. O novo Goberno ten unhas obrigas e, polo tanto, o novo Goberno ten que gobernar, ten que dedicarlle tempo, ten responsabilidades e, polo tanto, ten dereito a ter salarios, igual que tiña o anterior Goberno, o anterior Goberno tiña uns salarios desde o meu punto de vista, moi altos, na actualidade non é que sexan moi altos, máis ou menos poden estar axeitados, aínda que poderían ser, ao mellor, nalgún caso, un pouco menos, estoume referindo aos señores deputados que non teñan a responsabilidade da Presidencia, eu estou de acordo en que o presidente ten que ter ese salario, e que ten que ter coche oficial, e que ten que ir en coche oficial, non nunha camioneta, nin cun amigo, que despois se pagan axudas de custe, nin en bicicleta, ten que ir nun coche oficial porque así o require o seu cargo e así o require a situación dun órgano de interese como este, de interese provincial. Respecto ao tema dos salarios, eu estimo que podían ser un pouco menos, non me vou meter neste momento nese aspecto, pero entendo que hai un goberno e que hai unha oposición. Á oposición, eu neste caso estou nunha oposición construtiva, nos toca velar de que o Goberno cumpra cos obxectivos que se marca e que, desde a posición tamén estamos interesados en que así sexa coas nosas propostas. Polo tanto, na oposición eu entendo que pode haber, pode haber unha persoa por cada Grupo político con salario, como de feito está facendo a Deputación actual, para que haxa un responsable que a controle, pode ter tamén un persoal determinado de emprego para colaborar na tarefa, o que pasa é que eu non

entendo, nin comprendo, recentemente vimos un feito grave, desde o meu punto de vista, aquí na Coruña, na comarca, onde a oposición sacou unha tallada tremenda, na historia da democracia de España non creo que haxa ningún concello en España que a oposición, case no seu conxunto, teña salario, paréceme indignante, totalmente indignante, porque iso é a través dun goberno que non ten a maioría e que se lle chantaxea, as chantaxes non están ben vistas, e ollo con iso porque os pobos están aí e algúns medios informan fidedignamente do tema e a cidadanía non perdoa ese tipo de cousas, a cidadanía non perdoa que os que entren na política estean pensando só no seu benestar propio, en ter bos salarios, en pasalo de “puta madre”, etc., etc. Polo tanto, a oposición ten un traballo, teno que facer, pero non lle require unha dedicación plena aquí na Deputación, os deputados que van estar gobernando indubidablemente llela requiren, nese aspecto non podemos permitir que se leve esa chantaxe a adquirir prebendas porque un Goberno estea en minoría. E fago un chamamento tamén a aqueles que desde a esquerda están por un labor, cónstame, honesta, e que queren un cambio importante neste país, e que defenden as súas posturas, pero non se deben levar a uns límites que nalgúns casos poden estar xustificadas, pero quedan catro anos por diante, que debemos de ser serios e pensar en conciencia, desde un punto de vista político, de esquerdas, en intentar que isto sexa gobernable, sen que haxa as chantaxes periódicas cada certo tempo, na Deputación provincial, porque haxa un Goberno que non teña maioría. Polo tanto, eu tamén fago un chamamento a eses compañeiros, neste caso explicitamente ás mareas, de que deben indubidablemente defender a súa postura, faltaría máis, pero que haberá que analizar en moitos casos se o voto é en contra ou o voto é abstención, porque se un se abstén di “non é que está acordando ceder o que queren facer os do Goberno”, ben, pero non está votando a favor, non está posicionándose a favor, está permitindo que o faga con matices, que os aclarará na súa intervención cada Grupo político.

Os retos, dicía Goretti, temos retos futuros, o reto é non claudicar ás chantaxes puntuais, ese é o chamamento que estou facendo, non se pode, porque a chantaxe que ocorreu na Coruña, a chantaxe da que foi vítima, por culpa do Partido Socialista, hai que dicilo, na Coruña, o PP aproveitouse, e hai unha situación vergoñenta, que é para taparse a cara en toda España, é unha situación vergoñenta que non se pode permitir, non se pode chantaxear a un Goberno que quere facer cambios nunha cidade escudándose en querer sacar as súas prebendas, aliarse cos inimigos políticos, que non persoais, eu no Partido Popular hai diversas persoas aquí que me merecen todo o respecto do mundo, e incluso os teño por amigos, quero matizar, estou falando de partidos, e paréceme indignante, non estou falando de persoas, paréceme indignante certas posturas de partidos políticos. Por tanto, temos que ser conscientes de que non se pode acceder a esa chantaxe, porque entón deixamos gobernar ao Partido Popular e imos para casa, eu desde logo non vin aquí a que governe novamente o Partido Popular porque eu fun vítima no Concello de Oleiros da política de goberno do Partido Popular, polo tanto, estou totalmente oposto, porque se me maltratou ata dicir basta, e saltándose as leis deste país e para un goberno importante da provincia da Coruña, despois das cidades o concello de máis poboación, máis que Narón, porque hai 5.000 cidadáns que non se censan, e polo tanto un municipio que hai que respectar a narices, pola poboación que vive nel e polas necesidades que ten, como outros concellos. Respecto de Goretti fago ese chamamento e digo, sen imposición de credos, cando actuemos, eu pola miña postura política podía ser radical en moitas cousas, hoxe mesmo aquí viña coa

disposición de absterme, vou votar que si, a pesar de que non estea de acordo con moitas das cousas que hoxe se levan aquí, eu non estou de acordo coas axudas de custe que se van percibir de 500 euros por Pleno, e 300 por Comisión, non estou de acordo, creo que tiñan que ser máis baixas, indubidablemente non estou de acordo e dígoo expresamente aquí, eu creo que unha dieta de 200 euros e 100 euros eran máis que suficientes para vir aquí a estar unha hora, porque hai que acordarse dos que están na rúa, e que están no paro, que non traballan, e que cobran unha miseria, ou os que están na RISGA, que cobran trescentos e pico de euros ao mes, e por tanto, pensando niso é como hai que actuar, e politicamente hai que facelo desa forma.

Polo tanto, eu vou votar, a pesar desa postura miña, digo, que podería polo que se leva dicir non, pero estaría dándolle o parabén ao Partido Popular, non o vou facer.

Temos unha alta responsabilidade, e remato, e non podemos defraudar, non podemos defraudar aos cidadáns, non podemos queixarnos de que a xente repudie aos políticos, ten que haber cambios reais, temos que demostralo, e iso demóstrase camiñando, andando, e facendo feitos que a cidadanía crea neles. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Dios Diz

Sr. Presidente, deputadas e deputados, amigas e amigos, en nome e representación de Compostela Aberta permítanme que empece por lembrar que un 4 de agosto, un día como hoxe, hai 225 anos, en 1.789, na Francia revolucionaria a asemblea constituínte abolía o réxime feudal, suprimíanse os privilexios fiscais, os décimos e os dereitos señoriais, liquidábase así o antigo réxime. Vén esta lembranza histórica a conto dos comentarios que alguén fixo na sesión de investidura pasada respecto do noso desexo de que esta fose a última Corporación da Deputación Provincial da Coruña, un desexo que non é persoal, nin sequera patrimonio exclusivo de Compostela Aberta, senón que comparten máis Grupos, e desde logo, a cidadanía creo que en sumo grao. Non existe ao noso entender contradición ningunha entre formar parte desta Deputación por votación popular no noso caso, a lista máis votada en Santiago de Compostela, e pretender a súa desaparición por acordo democrático, coas modificacións legais que fose mester, mesmo as constitucionais.

Son moitas as persoas, desde logo moitas máis das que sospeitan algúns, as que consideran un anacronismo histórico a pervivencia dunhas institucións supralocais, que son percibidas socialmente como arbitrarias, dilapidadoras de recursos públicos de todas e de todos en tempos de crise e sufrimento para a maioría da sociedade, cando non como un nicho de corrupción e de clientelismo político. As grandes transformacións políticas, os grandes cambios, fixéronse sempre desde dentro e desde fóra das institucións, así foi na Francia revolucionaria, no final da ditadura ou na caída do sindicato vertical, por citar algúns exemplos, desde dentro e desde fóra.

Perdóenme esta licenza inicial, un é de historia, antes de entrar na explicación do sentido do voto de Compostela Aberta neste plenario organizativo.

O pasado día 16 de xullo, no plenario de investidura do actual presidente da Deputación votei, votamos, afirmativamente a un acordo programático asinado entre o PSdeG-PSOE e o BNG, no que non tivemos ocasión de participar, mais que significaba unha transformación positiva da dinámica política que ata este momento existía nas deputacións provinciais, e que entre outros aspectos salientaba, como obxectivos, máis ou menos textuais, a superación do actual modelo das institucións provinciais, o cambio radical no seu funcionamento, a democratización destas, a eliminación de toda arbitrariedade, xunto coa súa reorganización, simplificación e adelgazamento competencial. Na intervención que fixemos naquela primeira sesión insistimos en que o noso voto afirmativo pretendía facilitar que o candidato acordado resultase elixido maioritariamente fronte ao candidato do Partido Popular, salientei tamén a nosa coincidencia co documento programático, coa súa filosofía e o espírito de fondo á espera da proposta organizativa e do propio desenvolvemento do citado acordo. Dixen, dixemos, e reitéroo hoxe, que o noso desexo era e segue a ser que avancemos na progresiva desaparición competencial das deputacións, que nos próximos catro anos que estaremos aquí promovamos o máximo traspaso competencial cara á Xunta de Galicia e cara aos concellos, pero realmente, non de palabra, e salientamos daquela que a proposta organizativa que se nos presentara indicaría claramente en que dirección quería camiñar o novo Goberno da Deputación provincial, hoxe vémolos con bastante claridade.

Recoñecemos que a proposta organizativa que logo votaremos, mellora a situación anterior, sen dúbida, hai aforro, porén cabería preguntarse se a proposta no seu conxunto está ou non en contradición co acordo programático, é dicir, se facilita o seu desenvolvemento ou o limita, non é menor esta discusión. Certo que se pretendeu facer recortes na carga retributiva das distintas estruturas desta institución, do goberno e da oposición, certo tamén que a proposta recolle aspectos que melloran a pluralidade, a participación política, a transparencia, o control e a fiscalización das actuacións. O feito de que todos os partidos políticos presentes neste plenario teñan a posibilidade de constituírse como Grupo propio, participar con voz e con voto nas xuntas de portavoces e nas mesas de contratación, que todos os asuntos da Xunta de Goberno pasen previamente pola xunta de portavoces, ou a asignación económica fixa a cada Grupo e unha cantidade variable por deputado, non son cuestións menores e valorámolas positivamente, como non. Non obstante, o acordo programático asinado polo Partido Socialista e o BNG a nivel nacional, desde o noso punto de vista, facía prever cambios de moito maior calado, non foi así, polas razóns que sexa, para nós a proposta organizativa que imos votar globalmente non é suficiente, significa, se se quere, unha decepción en relación coas expectativas que o documento escrito parecía indicar. Sei, sabemos, que o tema retributivo préstase a facer xogos florais e moita demagogia sobre o que cadaquén considera digno, en calquera caso, se preguntáramos á cidadanía, serían moi poucas as persoas, penso eu, as que non considerarían obscenas as retribucións propostas para o presidente, a vicepresidenta e as deputadas e deputados con dedicación exclusiva, ou o número, características e salarios do persoal eventual, ou o réxime de asistencias a órganos colexiados. Desde logo, adianto xa, que están en clara contradición co código ético de Compostela Aberta, este deputado, ademais, xa manifestou publicamente aquí e en Santiago, que non percibirá salario, nin da Deputación, nin do Concello, seguirá a percibir a súa pensión como docente. Agora ben, se aprobamos a proposta organizativa tal e como se somete hoxe a este plenario, máis de 63.000 euros brutos para o presidente, 56.000 euros brutos para a vicepresidenta, e 51.000 euros brutos para as señoras e

señores deputados, comprenderán que a desafección política aumente, que a cidadanía, moita dela, non se sinta representada por esta institución, e que a desconfianza respecto da Deputación aumente de maneira significativa. O código ético de Compostela Aberta establece un tope máximo salarial de 36.000 euros netos, iso será o que cobre o alcalde de Santiago, arredor de 50.000 euros brutos, o que non está nada mal nos tempos que corren.

Por outra parte, observamos outros aspectos que, desde a nosa perspectiva, contradín o documento programático acordado entre o PSOE e o BNG, por exemplo, por citar un máis, a duplicidade de estruturas e gabinetes entre a Presidencia e a Vicepresidencia, moi lonxe do obxectivo que se afirma, como é o da simplificación das estruturas da Deputación provincial. Tampouco parece esta a mellor maneira de iniciar un goberno cooperativo, aínda que sexa o resultado dun acordo entre dúas organizacións políticas distintas. Por todas estas razóns, Compostela Aberta, de acordo coa súa asemblea, celebrada en Santiago o pasado día 30, absterase na votación. Moitas grazas.

Sr. Díaz Grandío

Bos días, presidente, deputadas e asistentes. As deputadas da Marea Atlántica chegamos a este salón de Plenos o pasado 16 de xullo, dimos nese momento o noso soporte, por medio dun voto favorable, á investidura dunha Presidencia que favorecese un goberno de cambio, un voto favorable e incondicional por un goberno de cambio sen contraprestacións, por un cambio que abraza a fiestra da institución, un goberno de cambio que rompese unha lanza pola superación de dinámicas, vicios e políticas que nós entendemos de tempos pasados.

Temos que dicir que, por desgraza, na negociación deste Pleno de organización albiscamos dinámicas que non traen nada de novidade, inercias que veñen de non funcionar no pasado e movementos que foron castigados de forma reiterada en anteriores procesos electorais.

O bipartito que se constitúe nesta Deputación da Coruña, porque así o sentimos, duplica funcións na súa proposta organizativa do que parece deducirse que non se está a preparar un único goberno. O bipartito que se constitúe na Deputación da Coruña non ten sempre un mesmo criterio durante os avances das negociacións, e adoce dunha falta de enfoque global sobre a proposta de organización que remitimos, e que tomamos como unha falta de consideración para coa Marea Atlántica.

A Marea Atlántica pediu a incorporación dun membro de cada Grupo da oposición nas Xuntas de Goberno, con voz pero sen voto, para facilitar deste xeito un mellor seguimento da acción de goberno e dos compromisos asumidos na investidura cun máximo de sesións retribuídas de unha por mes. Esta petición non foi atendida. A Marea Atlántica solicitou ter representación nos órganos colexiados, órganos colexiados que se reparten as organizacións deste goberno bipartito no cen por cento, esta petición non foi valorada. A Marea Atlántica solicitou a inclusión do voto ponderado nas Comisións Informativas, voto ponderado que garantiría a proporcionalidade e reduciría o número de membros, que reduciría tamén o custo para as arcas provinciais que supoñen as indemnizacións por asistencia.

Comunicouse desde a Mesa de negociación que legalmente non era posible, e nós descoñecendo eses informes aos que se aludiron, reiteramos a viabilidade xurídica do dito sistema de representación e de voto ponderado, tendo en conta a habilitación normativa da Lei de administración local de Galicia, a petición non foi valorada. A Marea Atlántica propuxo reducir as indemnizacións por asistencia a Plenos e Comisións Informativas, ás que renunciámos, por certo, as deputadas do noso Grupo, xa que nos parecen elevadas, propoñendo que, ademais, as Comisións de traballo, mesas de contratación, ou as comisións de valoración non teñan retribución ningunha, a petición non foi valorada. A Marea Atlántica propuxo unha limitación salarial acorde cos tempos que vive a maior parte da poboación, deducir as retribucións das deputadas da Corporación, tanto as do goberno como as da oposición, con dedicación exclusiva, ata os 40.000 brutos anuais para o presidente e os 35.000 brutos para o resto dos deputados con dedicación exclusiva. Sendo esta unha proposta de máximos, como somos conscientes, non recibimos contraproposta de mínimos durante o proceso de negociación. Esta petición foi valorada só por parte da Mesa de negociación.

Dito isto, tamén como último reproche, tamén quixera mostrar o noso desprezo pola imposición á miña persoa dun salario 16.000 euros superior ao límite salarial que a Marea Atlántica impón aos seus membros.

Dito isto, lamentando, xa que, repito, prestamos o apoio no seu inicio á elección da Presidencia da Deputación, buscando o camiño do cambio, anunciamos o voto en contra das deputadas da Marea Atlántica sobre a proposta de organización da Deputación da Coruña. A Marea Atlántica non deu un cheque en branco, dito na primeira sesión do Pleno, e reafirma neste segundo.

Tamén é certo, deixamos un fío de esperanza con respecto a este goberno, sabendo a longa métrica dos catro anos de mandato e abrindo a vía do cambio baseada no fomento da participación dos grupos da oposición no control do goberno, e na busca da adaptación ao escenario económico da xente á que representamos. Moitas grazas.

Sr. Requeira Varela

Bo día a todos e a todas, para non repetir xa datos que expuxo a portavoz do Goberno na súa intervención, eu primeiro quería desexarlle toda clase de sortes ao portavoz de Compostela Aberta, e queríalla desexar porque algúns deputados e deputadas presentes hoxe na sala, saben perfectamente que este portavoz fixo o mesmo desexo, ou formulou o mesmo desexo que está formulando hoxe aquí o portavoz de Compostela Aberta respecto das deputacións provinciais, polo tanto, oxalá, eu comparto ese desexo de que oxalá sexa esta, xa que non puido ser a outra, a última Corporación provincial.

Por ir xa ao miúdo do asunto, eu creo que os grupos que sustentamos o Goberno presentamos a este Pleno unha proposta organizativa que trae moitísimos avances con respecto ás anteriores corporacións provinciais. Avánzase nunha administración máis transparente e máis participativa, ponse en marcha, que non existía, a Xunta de portavoces, onde todos os Grupos políticos van ter a oportunidade de coñecer con anterioridade os asuntos que van vir ao Pleno, dáselle participación a

todos os Grupos políticos nas mesas de contratación, expresa esa pluralidade dos Grupos tamén neste mesmo salón de plenos, tendo todos os Grupos representación como tal nesta mesma cámara. Redúcese o custo político, báixanse os salarios considerablemente respecto dos anteriores mandatos deste ente, redúcese tamén o persoal eventual, hai un claro enfoque para reducir todo o que é o gasto propagandístico e político, suprímense as direccións de área. Polo tanto, todo é opinable, é opinable, hai quen opina que debería de reducirse moito máis, e hai quen opina, seguramente, que se fai unha redución importante, e nós así o opinamos.

En todo caso, o que me parece, aquí xa se falou en diferentes intervencións, doutros plenos de organización de diferentes cidades da provincia, sobre todo dunha, falouse xa, xa falou Alternativa dos Veciños, do que foi o Pleno de organización do Concello da Coruña. Eu vou falar, por cuestións que puxo de manifesto o voceiro de Compostela Aberta, de cuestións que a min me parecen, home, parécenme incluso unha saída de ton dicir que os salarios da Deputación da Coruña, de 51.000 euros brutos sexan unha obscenidade, se lle preguntamos á cidadanía, cando en Compostela o salario do alcalde e o salario dos concelleiros en salario bruto veñen a ser 51.000 ou 49.000 euros, polo tanto a diferenza non é tanta, se é obsceno aquí, tamén o sería alá, todo é moi opinable. O que si eu creo que é importante para os próximos catro anos, e así o cre o BNG, é que hai un compromiso político cunha política concreta de cara ao futuro do que ten que ser esta Administración provincial e o futuro do que ten que ser a autonomía local dos concellos da provincia, iso é realmente o traballo que nos queda por facer a todos os grupos políticos e tempo teremos en participar todos e chegar a acordos, ou así o agardamos todos os Grupos, nesa dirección, de baleirar de contidos esta administración, de trasladar orzamentos aos concellos para que as políticas teñan un maior enfoque local e os concellos poidan dispoñer tamén de máis autonomía para planificar políticas.

As dúas forzas políticas que conformamos ou que sustentamos o Goberno fixemos moitísimas invitacións a diferentes Grupos políticos situados na esquerda ideolóxica, de participar activamente no Goberno, non só con voz nas Xunta de Goberno local ou nos órganos de representación aos que poidan acudir os corporativos da Deputación provincial, senón a participar activamente como forzas de goberno destes futuros catro anos, esas invitacións non se tiveron en conta, eu agardo que no futuro, a invitación está feita, se poidan retomar conversas nese aspecto, pero eu creo que a proposta de acordo que se presenta hoxe aquí avanza claramente en cuestións nas que nun principio estábamos moitas forzas políticas, ou case todas as forzas políticas de acordo. Eu agardo que eses acordos, e que eses puntos de encontro se manifesten no futuro con máis rotundidade nos vindeiros Plenos, onde imos ter que tomar decisións importantes para o conxunto dos concellos da provincia, eu espero que a partir de aquí as cuestións se susciten e susciten importantes consensos, así o desexamos e, en todo caso, como dicía a propia portavoz do Goberno na súa intervención, este é un punto de arranque, e como tal o temos que tomar, e no futuro seguiremos falando e seguiremos achegando cada quen a súa mirada cara ao que se ten que facer nas políticas que se articulen nesta administración e seguro que aí chegaremos, estou seguro, a grandes consensos. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Sacristán de Diego

Bos días. Iniciar o meu discurso dicindo que estou totalmente de acordo coa intervención da portavoz do Goberno, coa intervención do portavoz do BNG e dalgún dos aspectos que formulou Alternativa dos Veciños respecto aos salarios que se propoñen.

Cremos que a proposta que se fixo foi unha proposta a todos os Grupos razoable, na que se intentou, por todos os medios, dotar de recursos aos Grupos para o seu funcionamento, e cremos tamén que os datos que se manexan nalgúns concellos respecto ao que pode ser a Deputación non teñen comparación, estamos falando de magnitudes completamente distintas, e dun goberno completamente distinto ao que pode ser o dun concello. Nós cremos que fixemos unha proposta intentando dar solución a todos os Grupos, creo que na meirande parte dos casos conseguíuse e noutras é impensable, é dicir, esas reducións en concreto que se propoñen respecto aos salarios, é máis cremos que Mareas sábeo perfectamente, que esas reducións o que provoca é que sexa imposible logo poder contratar a persoas medianamente capacitadas para poder desenvolver o seu traballo con eses salarios que se propoñen, eles están tendo dificultades, e por iso non o respectan no Concello da Coruña, e noutros concellos similares que se intentou facer esta solución. Hai que ser realistas, é dicir os problemas da sociedade non se van resolver exclusivamente coa rebaixa dos soldos dos políticos, cremos que non é a solución, cremos que se pode aforrar moito máis modificando o sistema de contratacións, facendo as transferencias que propoñemos do patrimonio, que posiblemente en moitos casos está ocioso na propia Deputación, ou dándolle novos usos a ese patrimonio provincial. Cremos que aí é onde se producen os verdadeiros aforros que poden levar a que os concellos teñan moitos maiores recursos nesta lexislatura.

Cremos ademais que o que hai que valorar, e non minusvalorar constantemente, é a responsabilidade e o traballo que se asume por parte dos políticos, é dicir, non hai comparación entre as cantidades que pode ser responsable un deputado provincial dalgún concelleiro ou concelleira nalgún dos outros concellos e polo tanto cremos que responden á realidade do que pode ser unha entidade como é a da Deputación.

Por outra parte, é verdade que por parte de Mareas se propuxo entrar na Xunta de Goberno como observador, nosoutros entendemos que a Xunta de Goberno é precisamente para entrar no goberno, participar do goberno, e nós dixémoslles que non tiñamos ningún inconveniente sempre e cando fora corresponsable do goberno provincial, ao cal sempre se dixo que non, polo tanto nós entendemos que a Xunta de portavoces pode facer perfectamente as funcións que pretendía a través da Xunta de Goberno, como é ter coñecemento dos temas que previamente á realización das Xuntas de Goberno, aos Plenos, se van levar, e polo tanto cremos que é un órgano que antes non existía, e agora si existe, e que vai facer unhas funcións cremos que importantes.

E logo despois cremos que tamén un paso importante é a participación nas mesas de contratación por parte de todos os Grupos, cremos tamén que, efectivamente, como se expresou por case todos os Grupos, iníciase un camiño, non se quere pechar de ningún xeito a porta, porque evidentemente nunha Corporación

tan heteroxénea como esta cremos que hai que ter amplitude de miras, hai que tratar de ser o máximo responsable posible, tratar de contar con todos os Grupos, que vai haber oportunidade posiblemente ao longo da lexislatura para iso, e desde logo estamos convencidos ademais que contar con esta heteroxeneidade vai enriquecer, digamos, os asuntos e os temas que aprobe este Pleno, polo tanto, cremos que a proposta que se trae é a mellor posible e a que intenta, polo menos, dar a todos capacidade para poder desenvolver o seu traballo nesta Deputación.

Sr. Calvo Pouso

Moi bos días, grazas presidente, bos días a todos e a todas as deputadas que hoxe estamos aquí. Entendo que o debate é de todos os puntos e despois votaranse por separado ao remate deste debate. Eu, desde logo, despois de escoitar todo o que se veu dicindo nesta sesión, hai cousas loxicamente coas que estou de acordo, e cousas coas que non. Non me gustaría trasladar este debate a un debate municipal, aínda que ás veces a verdade é que dan ganas de puntualizar determinadas afirmacións que se fixeron aquí, pero intentaremos non facelo por parte deste Grupo. Imos empezar por cada un dos puntos para despois decidir ou facer pública cal é a nosa intención de voto.

Con respecto ao réxime de sesións do Pleno e da Xunta de Goberno, nós non temos nada que dicir, as sesións vanse celebrar unicamente, este Goberno, ou a proposta que fai, é de reducir sensiblemente as achegas que se fan por acudir ao Pleno da Corporación ou ás diferentes sesións, podemos estar máis ou menos de acordo, paréceme ben que se faga, simplemente dicir, e isto tamén vale para outras cousas, que aquí non é un Pleno municipal, polo tanto, non todos os integrantes deste Pleno vivimos ao carón, na casa do lado ou na rúa do lado, aquí hai xente que vén dende outras partes da provincia e á que lle leva máis de hora e media chegar a este Pleno para poder debater, ou a estas comisións que se fagan nesta casa, polo tanto estamos falando de tres horas que se pasan entre ir e volver en medio de transporte para algúns dos deputados que aquí nos acompañan. Polo tanto, se queren vostedes facer unha redución, están loxicamente dentro da súa lexitimidade, e nós a iso non nos imos opoñer.

En canto á proposta sobre creación e composición de réxime de sesións, aí seguen manténdose as oito comisións que existían a día de hoxe, loxicamente pódense ampliar, pódense reducir, hai concellos que só teñen dúas, hai concellos que teñen máis. En canto a xunta de portavoces, que se reunirán unha vez ao mes con todos os portavoces dos Grupos, paréceme ben, pero os portavoces non van coñecer nesa xunta de portavoces os asuntos que van ao Pleno, os asuntos que van ao Pleno xa os coñecen antes porque nas Comisións, loxicamente, ditáminanse eses asuntos e polo tanto xa teñen coñecemento. Polo tanto, iso incrementa a participación, vale, estamos de acordo e podemos comprar esa afirmación se vostedes queren e nos parece axeitada.

En canto ás delegacións de competencias do Pleno na Xunta de Goberno non temos nada que dicir, e o nomeamento de representantes na Deputación en organismos varios, tampouco, loxicamente correspóndelle ao Goberno facer esa distribución e nós estamos de acordo, o único que lle recomendo, e que a todos, e é unha recomendación que loxicamente farán caso ou non, que todos os que asistan a

eses organismo pidan antes o asesoramento dos técnicos da Deputación porque moitas veces as decisións que se toman neses organismos implican a toda a Deputación, e polo ben de todos, loxicamente, nos gustaría estar informados desas decisións e que se deran conta periodicamente no Pleno ou nas comisións pertinentes a todos os membros desta Deputación.

En canto ao punto número once, ao réxime de retribucións e indemnizacións aos membros da Corporación provincial, aquí a proposta de goberno loxicamente é a que veu trasladando a portavoz de Goberno e a que se veu trasladando estes días nos diferentes medios de comunicación, e o que dixeron hoxe aquí que se reducía. Pois ben, é certo, redúcese o salario do presidente, redúcese o salario da vicepresidenta, e redúcense todo o resto dos salarios, iso é verdade, o do presidente un nove por cen, o da vicepresidenta un cinco, e os portavoces da oposición un quince. É unha proposta que se trae, pódese estar máis ou menos de acordo, pero o que non se di é que antes había no anterior Goberno catro persoas que cobraban dedicación, e agora vai haber sete, polo tanto o custo do Goberno vai ser maior, o da nova Corporación que o da Corporación anterior, xa está, cobran un pouco menos?, cobran un pouco menos.

Eu en canto á contía a verdade é que hai un debate que considero bastante falso e hipócrita na sociedade en xeral, e que hoxe se ten reproducido aquí, que teñen que cobrar menos, parece que hai unha carreira a ver quen é o que cobra menos, e ao final o que non nos damos conta que probablemente os que cobran menos nos saen bastante máis caros, e temos unha lexislatura por diante para poder comprobar como moitos que falaban desa necesidade de cobrar menos, moitas veces era porque non podían, porque non lles interesaba ou incluso, o que é peor, que á larga saen bastante máis caros que os que cobran máis. E dicir que nesta Deputación os salarios son elevadísimos, é mentira, se o comparamos con calquera Deputación ou con calquera concello que xestione o nivel orzamentario que ten esta Deputación, é dos salarios máis baixos. E dicir agora que isto é unha obscenidade, eu antes de entrar recibía unha mensaxe dun amigo, co que non estou de acordo, pero dicíame, “oe, o que non é de recibo e que despois dun mes e medio de traballo algúns se vaian de vacacións vinte días”, claro, iso se lle preguntamos á xente da rúa probablemente tampouco o entenda, como despois dun mes e medio de traballo se van de vacacións, vaia vostede a saber, son os novos políticos, que lle imos facer, cada un é libre de facer ou seu traballo, e nesta Deputación desde logo creo que non hai ningún exceso por ningunha parte. E é máis, nunca houbo, nin na lexislatura pasada nin nas anteriores, nas que non gobernaba o Partido Popular, tampouco había ningún tipo de excesos.

En canto ao persoal eventual, o número de vinte e sete vén marcado pola lei, é verdade que o Goberno trae unha proposta de vinte e seis, pero nos últimos meses do Goberno anterior xa había vinte e sete. E é verdade que o Goberno decidiu, e paréceme ben, suprimir os niveis 28 e 26 dos eventuais, paréceme ben, o que pasa é que incrementou os niveis medios, e ao final a proposta, non hai tal aforro nos eventuais, e non hai tal aforro no Goberno.

Polo tanto, é unha proposta que vén, que como dixeron todos os Grupos ten claros e sombras, a nós hai algunhas cousas que nos gustan máis, outras que nos

gustan menos, pero ao final, loxicamente, temos que decidir cal é o noso sentido do voto.

A asignación aos grupos provinciais, claro, a asignación aos grupos provinciais estamos de acordo, parécenos ben, aínda que, como saíu tamén a debate noutras cidades, hai outras cidades onde as asignacións son moito máis superiores que o que existe na Deputación. Claro, na Deputación hai que ter en conta, non para todos os partidos, eu entendo que non todos os representantes que estamos aquí pensemos igual, pero aquí hai partidos que estamos representados en 93 concellos, hai outros partidos que están representados en 90 ou por aí, hai outros que en oitenta e moitos, e hai algún partido que ten unha representación moito máis limitada, entón, tamén me parecería normal que os que temos representación ao longo e ancho de toda a provincia nos 93 concellos, loxicamente os recursos cos que tes que contar para atender a todo iso é moito mellor, e aí si que non escoitei tampouco ningunha afirmación.

De todos os xeitos, valorando as propostas que trae este Goberno, o Partido Popular anuncia o voto favorable a todas e cada unha delas. Nada máis e moitas grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 27 deputados (12 do PP, 8 do PSOE, 5 do BNG, 1 de Compostela Aberta e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 3 deputados (Marea Atlántica)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG, Compostela Aaberta e Alternativa dos Veciños, e a abstención de Marea Atlántica, acorda:

“Don Valentín GONZÁLEZ FORMOSO, presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto que o artigo 46.2.a da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL), ordena que o Pleno das Deputacións provinciais celebre sesión ordinaria como mínimo cada mes e que, por outra banda, o artigo 35 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúelle ao Pleno a decisión sobre o réxime de sesións do Pleno e da Xunta de Goberno,

Eleva ao Pleno a seguinte PROPOSTA de acordo:

1º. RÉXIMEN DE SESIÓNS DO PLENO.- As sesións ordinarias do Pleno da Deputación Provincial celebraranse con periodicidade mensual, o último venres de cada mes, ás doce horas. Se o día sinalado fose inhábil, a sesión ordinaria celebrarase o inmediatamente anterior hábil, ás doce horas. Non obstante, a sesión

ordinaria correspondente ao oitavo mes de 2015 celebrárase o día 11 de setembro de 2015 ás doce horas.

2º. RÉXIMEN DE SESIÓNS DA XUNTA DE GOBERNO.- As sesións ordinarias da Xunta de Goberno celebráranse o primeiro e o terceiro venres de cada mes, ás doce horas. Se o día sinalado fose inhábil, a sesión ordinaria celebrárase o inmediatamente anterior hábil, ás doce horas. Non obstante, o presidente, mediante resolución conforme ao disposto no artigo 84.3 RODC concordante co artigo 112.3 ROF, ou a propia Xunta de Goberno, con antelación suficiente, poderán modificar os días e horas de celebración das sesións ordinarias, mantendo a periodicidade quincenal.”

8.-PROPOSTA SOBRE A CREACIÓN, COMPOSICIÓN E RÉXIME DE SESIÓNS DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES.- XUNTA DE PORTAVOCES.

VOTACIÓN

Votan a favor: 27 deputados (12 do PP, 8 do PSOE, 5 do BNG, 1 de Compostela Aberta e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: 3 deputados (Marea Atlántica)

Abstéñense: ningún deputado

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG, Compostela Aaberta e Alternativa dos Veciños, e o voto en contra de Marea Atlántica, acorda:

“Don Valentín GONZÁLEZ FORMOSO, presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto o disposto nos artigos 103.1.b) e 212 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGa), o primeiro dos cales remite aos artigos 66 a 68 da mesma LALGa e, por outra banda, o establecido nos artigos 94 a 103 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC),

Eleva ao Pleno a seguinte PROPOSTA de acordo:

PRIMEIRO.- As Comisións Informativas Permanentes da Deputación Provincial da Coruña serán oito, coa denominación e atribucións que a seguir se sinalan:

1 - Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior.-

A súa competencia refírese fundamentalmente ás seguintes materias: orzamento e expedientes de modificación de créditos, contas, ingresos (propios e doutros entes públicos), gastos de competencia do pleno, operacións de crédito, inventarios, balances, ordenanzas fiscais, e calquera outro asunto de natureza económico-financeira, así como ao estudo de todos os asuntos relacionados coa

función pública, funcionarios, persoal laboral, persoal eventual, relacións sindicais, seguridade e hixiene, protocolo e relacións públicas.

Coñecerá, con carácter residual, de todos aqueles asuntos non atribuídos a outra comisión informativa permanente.

2 - Comisión de Benestar Social, Educación e Políticas de Igualdade de Xénero.-

Estudará as cuestións relacionadas con plans, convenios e actuacións en garantía de prestación de servizos sociais de competencia municipal e de equilibrio intermunicipal, as relacionadas co apoio económico, técnico e xurídico aos concellos para a implantación e funcionamento dos devanditos servizos, a creación e xestión de servizos sociais de atención especializada supramunicipais ou supracomarcais; financiamento de programas de servizos sociais das entidades de iniciativa social; educación e bolsas de estudos; promoción da solidariedade entre institución e cidadáns e destes entre si con especial acento nas políticas de igualdade de xénero.

3 - Comisión de Promoción Económica e Emprego.-

As súas atribucións serán as de fomento e promoción de temas relacionados cos distintos sectores económicos, modernización e instalacións comerciais e similares, protección ao sector pesqueiro, acuicultura e cultivos mariños, riqueza forestal, fomento agropecuario, agricultura e, en xeral, promoción económica e fomento do emprego na provincia.

4 - Comisión de Cooperación. Plans Provinciais Xerais, Asistencia a Municipios e Normalización Lingüística.-

Abarca o estudo dos expedientes referidos a plans provinciais xerais, cooperación ás obras e servizos municipais, asistencia e cooperación xurídica a municipios, asistencia e cooperación económica e técnica a municipios, defensa xurídica, servizos públicos de carácter supramunicipal e, se é o caso, supracomarcal; políticas lingüísticas e elaboración dos plans de normalización lingüística de acordo coa lexislación en vigor.

5 - Comisión de Infraestruturas Viarias, Vías e Obras Provinciais e Medio Ambiente.-

A súa competencia circunscríbese a asuntos relacionados coas estradas e camiños provinciais, autorizacións, licenzas de obras e todos os proxectos relacionados con eles, ademais dos expedientes de expropiacións forzosas e urbanismo e temas relativos ao medio.

6 - Comisión de Cultura, Turismo e Patrimonio Histórico-Artístico.-

As súas atribucións serán as de ditame, estudo, informe ou consulta sobre as materias relativas a arquivos, bibliotecas, museos, exposicións e concursos, fomento das artes escénicas e musicais, programas de actividades culturais dirixidos aos concellos ou en colaboración con outras entidades e organismos, subvencións

culturais, monumentos e lugares artísticos; potenciación do turismo de xeito coordinado con todos os concellos da provincia e coa Xunta de Galicia.

7 - Comisión de Deporte e Mocidade -

As súas atribucións serán as de ditame, estudo, informe ou consulta sobre as materias relativas ao deporte e á mocidade, programas de actividades deportivas dirixidas aos concellos ou en colaboración con outras entidades, organismos ou asociacións, subvencións en materia deportiva e promoción da participación dos mozos e mozas na vida política, socioeconómica e cultural.

8 - Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamentos.-

A súa competencia refírese ao patrimonio provincial e a expedientes de contratación de obras, servizos e subministracións, así como todos os proxectos relacionados coas devanditas obras e plans de ordenación do territorio.

SEGUNDO.- Cada comisión estará integrada por trece membros, dos cales cinco pertencerán ao Grupo Popular, tres ao Grupo Provincial Socialista, dous ao Grupo Bloque Nacionalista Galego – Asembleas Abertas, un ao Grupo Provincial Marea Atlántica, un ao Grupo Compostela Aberta e un ao Grupo Alternativa dos Veciños. O presidente de cada comisión será designado por resolución do presidente da Deputación, d que dará conta ao Pleno.

TERCEIRO.- Estas Comisións xuntaranse con periodicidade mensual nos días e horas nos que as propias Comisións determinen.

CUARTO.- Ata que non se regule axeitadamente no Regulamento orgánico da Deputación, funcionará provisionalmente unha Xunta de Portavoces, integrada polo presidente, a vicepresidenta e os portavoces de cada un dos grupos da Corporación. A Xunta de Portavoces asistirá e asesorará o presidente sobre toda cuestión relacionada co funcionamento do Pleno e, singularmente, sobre a fixación da orde do día das sesións plenarias. Reunirase unha vez ao mes, o mércores da semana anterior á celebración da sesión plenaria ordinaria, sen prexuízo de que poida convocarse en calquera outro momento.”

9.-PROPOSTA SOBRE AS DELEGACIÓNS DE COMPETENCIAS DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO.

VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (12 do PP, 8 do PSOE, 5 do BNG, e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: 3 deputados (Marea Atlántica)

Abstéñense: 1 deputado (Compostela Aberta)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG, e Alternativa dos Veciños, o voto en contra de Marea Atlántica, e a abstención de Compostela Aberta, acorda:

“Don Valentín GONZÁLEZ FORMOSO, presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto que o artigo 48 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 71 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), prevé que o Pleno poida delegar, en todo ou en parte, calquera das súas atribucións no presidente e na Xunta de Goberno, agás as sinaladas na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL) e no Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril (TRRL); vistos de igual xeito os artigos 33.4 LBRL, 28.2 TRRL, 107.2 e 314.3 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGa),

Eleva ao Pleno a seguinte PROPOSTA de acordo:

O Pleno da Deputación provincial acorda delegar na Xunta de Goberno as seguintes atribucións:

- A autorización ou denegación de compatibilidade do persoal ao servizo da entidade local para un segundo posto ou actividade no sector público, así como a resolución motivada que recoñeza a compatibilidade ou declare a incompatibilidade do citado persoal para o exercicio de actividades profesionais, laborais, mercantís ou industriais fóra da entidade local, ao que se refiren os artigos 9 e 14 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas (ROF, art. 70.9).

A delegación das atribucións sinaladas inclúe, en cada caso, a facultade de resolver os recursos de reposición que puideran interpoñerse, rexerase especificamente polos artigos 86 a 90 RODC e producirá efecto desde o día seguinte a aquel en que se aprobe, sen prexuízo da publicación no BOP para xeral coñecemento.

En calquera caso, queda excluída a delegación daqueles asuntos cuxa aprobación requira maioría absoluta ou calquera outra maioría cualificada. As competencias delegadas na Xunta de Goberno estarán suxeitas ao control e fiscalización do Pleno, tanto a través dos mecanismos ordinarios previstos na normativa local como dos extraordinarios, singularmente dos previstos no artigo 80 RODC, concordante co artigo 106 ROF.”

10.-PROPOSTA SOBRE O NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA DEPUTACIÓN EN ORGANISMOS VARIOS.

VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (12 do PP, 8 do PSOE, 5 do BNG, e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: 4 deputados (3 de Marea Atlántica e 1 de Compostela Aberta)

Abstéñense: ningún deputado

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG, e Alternativa dos Veciños, e o voto en contra de Marea Atlántica e Compostela Aberta, acorda:

“Don Valentín GONZÁLEZ FORMOSO, presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto que o artigo 35 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúelle ao Pleno a competencia para o nomeamento de representantes da Corporación en toda clase de órganos colexiados nos que deba estar representada, sen prexuízo da atribución xeral de representar á Deputación, conferida ao presidente pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL, art. 34.1.b),

Eleva ao Pleno a seguinte PROPOSTA de acordo:

Nomear representantes da Corporación aos deputados/as que se indican nos organismos que a seguir se relacionan:

1.- AFIGAL (SOCIEDADE DE GARANTÍA RECÍPROCA - AFIANZAMENTO DE GALICIA)

Don Antonio Leira Piñeiro

2.- ASOCIACIÓN NERIA

Don José Manuel Pequeño Castro

3.- BIBLIOTECA DO REAL CONSULADO

Don Xosé Regueira Varela

4.- COMISIÓN DE PLANIFICACIÓN E COORDINACIÓN DE INVESTIMENTOS INEM-CORPORACIÓNS LOCAIS

Don Julio Sacristán de Diego

5.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DO CONVENIO CO IMSERSO E A FEMP, PARA IMPLANTACIÓN DO SERVIZO PROVINCIAL DE TELEASISTENCIA NOS CONCELLOS

Don José Manuel Pequeño Castro
Dona Ánxela Franco Pouso

6. COMISIÓN GALEGA DE PROTECCIÓN CIVIL

Don José Luis García García

7.- COMISIÓN PROVINCIAL DE VIVENDA

Don Julio Sacristán de Diego

8.- COMISIÓN GALEGA DE COOPERACIÓN

Don Valentín González Formoso, presidente, ou deputado/a no/a que delegue

9.- COMISIÓN PROVINCIAL DE COLABORACIÓN DO ESTADO COAS CORPORACIÓNS LOCAIS

Don Manuel Muíño Espasandín

10.-COMISIÓN SUPERIOR DE URBANISMO

Don Valentín González Formoso, presidente, ou deputado/a no/a que delegue

11.- COMISIÓN TERRITORIAL DO PATRIMONIO HISTÓRICO ARTÍSTICO DA CORUÑA

Don Xosé Regueira Varela

12.-COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS E AS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS EN MATERIA DE EMERXENCIAS E PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA A CREACIÓN E IMPLANTACIÓN DOS GRUPOS DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAIS

Don José Luis García García

13.-COMISIÓN INSTITUCIONAL NO MARCO DO PROTOCOLO DE COLABORACIÓN DE DESENVOLVEMENTO DO PACTO LOCAL PARA A XESTIÓN DO CICLO URBANO DA AUGA ENTRE A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS E A XUNTA DE GALICIA

Don José Manuel Pequeño Castro

14.-COMUNIDADE INTERMUNICIPAL DA COSTA BERGANTIÑÁ DE SERVIZOS PÚBLICOS CONSORCIADOS. (Acordo plenario do 26 de abril de 2013).

Don José Manuel Pequeño Castro
Don Xosé Regueira Varela

15.- CONSELLO ASESOR DE TELECOMUNICACIÓNS E AUDIOVISUAL DE GALICIA

Don Xosé Regueira Varela

16.- CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DE XESTUR, S.A.

Don Valentín González Formoso, presidente, ou deputado/a no/a que delegue

17.- CONSELLO GALEGO DE SAÚDE

Dona Ánxela Franco Pouso

18- CONSELLO GALEGO DE TRANSPORTES

Don Julio Sacristán de Diego

19.- CONSELLO TERRITORIAL DA PROPIEDAD INMOBILIARIA DA CORUÑA CAPITAL E PROVINCIA.

Don Julio Sacristán de Diego

20.-CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DE PORTOS DE GALICIA

Don Bernardo Fernández Piñeiro

21.- CONSORCIO AUDIOVISUAL DE GALICIA

Don Xosé Regueira Varela

22.- CONSORCIO DO DEPÓSITO FRANCO DO PORTO DA CORUÑA

Don Bernardo Fernández Piñeiro
Don Xesús Soto Vivero
Don Julio Sacristán de Diego

23.- CONSORCIO PROVINCIAL DA CORUÑA PARA A PRESTACIÓN DO SERVICIO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO

Don Valentín González Formoso, presidente, ou deputado/a no/a que delegue
Dona Ánxela Franco Pouso
Don José Luís García García

24.- CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA (Comité Provincial)

Dona Ánxela Franco Pouso

25.- FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS Y PROVINCIAS

Don Valentín González Formoso, presidente, ou deputado/a no/a que delegue

26.- FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS

Don Valentín González Formoso, presidente, ou deputado/a no/a que delegue

27.- FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE

Dona Goretti Sanmartín Rei

28.-FUNDACIÓN AXENCIA ENERXÉTICA PROVINCIAL DA CORUÑA (FAEPAC)

Don Valentín González Formoso, presidente, ou deputado/a no/a que delegue

Dona Goretti Sanmartín Rei, vicepresidenta, ou deputado/a no/a que delegue

Don José Manuel Pequeño Castro

Don Xesús Soto Vivero

29.- FUNDACIÓN CAMILO JOSÉ CELA

Don Xosé Regueira Varela

30.- FUNDACIÓN ESCOLA UNIVERSITARIA DE RELACIÓNS LABORAIS DA CORUÑA (Padroado)

Don Julio Sacristán de Diego

31.- FUNDACIÓN EUGENIO GRANELL

Dona Goretti Sanmartín Rei

32.- FUNDACIÓN EXPONAV

Don Bernardo Fernández Piñeiro

33.- FUNDACIÓN ORTEGALIA

Don Valentín González Formoso, presidente, ou deputado/a no/a que delegue

34.- FUNDACIÓN GALICIA - EUROPA

Don Valentín González Formoso, presidente, ou deputado/a no/a que delegue

35.- FUNDACIÓN PRIVADA DEMOCRACIA Y GOBIERNO LOCAL

Don Valentín González Formoso, presidente, ou deputado/a no/a que delegue

36.- FUNDACIÓN REFUXIO DE ANIMAIS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Dona Goretti Sanmartín Rei

37.- FUNDACIÓN TORRENTE BALLESTER

Don Xosé Regueira Varela

38.- FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Dona Goretti Sanmartín Rei

39.- FUNDACIÓN WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ

Don Julio Sacristán de Diego

40.- FUNDACIÓN TERRA DE TRASANCOS

Don Xesús Soto Vivero

41.- FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO

Dona Goretti Sanmartín Rei

42.- FUNDACIÓN GONZALO LÓPEZ ABENTE

Don Manuel Muíño Espasandín

43.- INSTITUTO FEIRAL DA CORUÑA (IFECO) (Acordo plenario 16-09-2011)

Consello de Dirección: don Antonio Leira Piñeiro

Padroado: don Antonio Leira Piñeiro e don Xesús Soto Vivero

44.-MESA PROVINCIAL DE COMERCIO

Don Valentín González Formoso, presidente, ou deputado/a no/a que delegue
Don Manuel Muíño Espasandín

45.- MUSEO ARQUEOLÓXICO DO CASTELO DE SAN ANTÓN (Padroado)

Don Xosé Regueira Varela

46.- MUSEO DO POBO GALEGO (Xunta Rectora)

Don Xosé Regueira Varela

47.- PARQUE NATURAL COMPLEXO DUNAR DE CORRUBEDO E LAGOAS DE CARREGAL E VIXIÁN

Dona Ánxela Franco Pouso

48.- PARQUE NATURAL DAS FRAGAS DO EUME (Xunta Rectora)

Don Bernardo Fernández Piñeiro

49.- PARQUE NATURAL DAS ILLAS ATLÁNTICAS (Padroado e Xunta Consultiva)

Don José Manuel Pequeño Castro

50.-RESERVA DA BIOSFERA “MARIÑAS CORUÑESAS E TERRAS DO MANDEO”

Don Xosé Regueira Varela
Dona Ánxela Franco Pouso
Don Bernardo Fernández Piñeiro
Don José Manuel Pequeño Castro

51.- UNED (Padroado do Centro da Coruña)

Dona Goretti Sanmartín Rei

52.-RED ESPAÑOLA DE TURISMO INDUSTRIAL (RETI)

Don Xosé Regueira Varela

Os deputados/as nomeados/as polo presente acordo informarán sobre o funcionamento dos organismos nos que participan en representación da deputación, así como sobre a súa propia actividade no seu seo, sempre que sexan requiridos/as polo Pleno, polo presidente ou pola Xunta de Goberno e periodicamente nos termos que estableza o regulamento orgánico.”

11.-PROPOSTA SOBRE O RÉXIME DE RETRIBUCIÓNS E INDEMNIZACIÓNS AOS MEMBROS DA CORPORACIÓN PROVINCIAL.

VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (12 do PP, 8 do PSOE, 5 do BNG, e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: 3 deputados (Marea Atlántica)

Abstéñense: 1 deputado (Compostela Aberta)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG, e Alternativa dos Veciños, e o voto en contra de Marea Atlántica e a abstención de Compostela Aberta, acorda:

“Don VALENTIN GONZALEZ FORMOSO, presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto o disposto no artigo 75, 75 bis e 75 ter da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local (LBRL), no artigo 225 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGA), nos artigos 12 e 13 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), e no artigo 13 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF),

Dirixe ao Pleno a seguinte PROPOSTA de acordo:

“A).- Retribucións dos membros da Corporación en réxime de dedicación exclusiva:

Presidente (1) PSG-PSOE: As retribucións, en cómputo anual e contía, serán 63.502,46 €

Vicepresidenta (1) BNG: As súas retribucións anuais serán de 55.939,52 €

Deputados do Grupo (2) PSG-PSOE: As súas retribucións anuais serán de 51.000,74€

Deputado do Grupo BNG (3): As súas retribucións anuais serán de 51.000,74 €.

Deputado do Grupo PP (2): As súas retribucións anuais serán de 51.000,74 €.

Deputado do Grupo Marea Atlántica (1): As súas retribucións anuais serán de 51.000,74€

As cantidades asignadas aos membros da Corporación con dedicación exclusiva percibiranse mensualmente na parte que corresponda.

Polo tanto, para o ano 2015 os importes totais en cómputo anual das retribucións indicadas son os seguintes:

Nº	POSTO	RETRIB. ANUAIS POSTO TRABALLO	TOTAL
1	PRESIDENTE (PSG-PSOE)	63.502,46	63.502,46
1	VICEPRESIDENTA (BNG)	55.939,52	55.939,52
2	DEPUTADOS DO GRUPO PSG-PSOE	51.000,74	102.001,48
3	DEPUTADO DO GRUPO BNG	51.000,74	153.002,22
2	DEPUTADO DO GRUPO PP	51.000,74	102.001,48
1	DEPUTADO GRUPO MAREA ATLANTICA	51.000,74	51.000,74
10	TOTAIS		527.447,90

Estas cantidades revisaranse anualmente a partir do 01/01/2016 e actualizaranse na mesma porcentaxe na que aumenten ou diminúan de forma xeral as retribucións básicas dos funcionarios de carreira do grupo A1.

B).- Indemnizacións por preparación de asuntos e asistencia a sesións dos órganos colexiados da Deputación provincial:

Pola preparación de asuntos e concorrencia efectiva ás sesións de órganos de goberno da Deputación provincial, os membros da Corporación que non estean acollidos ao réxime de dedicación exclusiva, percibirán en concepto de asistencias os seguintes importes:

Sesións plenarias	500,00€
Sesións da Xunta de Goberno	300,00€
Reunións das Comisións Informativas	300,00€

Cando coincidan no mesmo día máis dunha sesión dos órganos colexiados descritos, terán dereito a percibir unha soa asistencia, polo que se tomará en consideración para tal fin, cando así proceda, a de maior importe das realizadas.

A asistencia ás sesións formalmente convocadas dos órganos colexiados antes citados dará lugar á percepción dos gastos de locomoción desde a localidade de residencia dos deputados que non estean incluídos no réxime de dedicación exclusiva. Para tal efecto os deputados provinciais presentarán a relación das asistencias, e dos gastos de locomoción soportados para a concorrencia efectiva s sesións formalmente convocadas, no modelo que lles será proporcionado polo servizo de Recursos Humanos. A relación citada, xunto cos xustificantes oportunos de gasto e pago, formularase no prazo máximo dos dous meses seguintes ao seu devengo, para a súa tramitación e pago.

Ningún deputado poderá percibir máis de tres asistencias ao mes por sesións das Comisións Informativas, agás as do mes de setembro e aquelas outras que correspondan a sesións ordinarias non celebradas no mes anterior. Así mesmo, ningún deputado poderá percibir máis de dúas asistencias ao mes por sesións da Xunta de Goberno, agás as do mes de setembro, e aquelas outras que correspondan a sesións ordinarias non celebradas no mes anterior.

C).- Asistencias a mesas de contratación, comisións de traballo ou tribunais de valoración dependentes desta Corporación.

Todos os membros da Corporación que se designen formalmente para formar parte de comisións de traballo, mesa de contratación ou tribunais de valoración de subvencións ou premios convocados por órganos dependentes desta Corporación, percibirán pola asistencia ás sesións formalmente convocadas que se celebren, as cantidades dispostas no anexo 4º, categoría primeira do Real decreto 462/2002, do 24 de maio e disposicións de desenvolvemento ou normas que con carácter xeral o substitúan, cando así se determine expresamente no acordo ou resolución de nomeamento.

A asistencia ás sesións formalmente convocadas dos órganos colexiados antes citados dará lugar á percepción dos gastos de locomoción desde a localidade de residencia dos deputados que non estean incluídos no réxime de dedicación exclusiva, que só percibirán os gastos de locomoción cando as sesións se desenvolvan fóra da xornada laboral.

Estas percepcións serán compatibles coas retribucións asignadas aos membros da Corporación con dedicación exclusiva, que só percibirán indemnizacións pola asistencia a sesións convocadas e realizadas integramente fóra da xornada laboral. No caso de deputados sen dedicación exclusiva, cando coincida unha sesión da Mesa de Contratación, comisión de traballo ou tribunais de valoración coa sesión dun órgano colexiado provincial, só se percibirá a axuda de custo por asistencia a sesión do órgano colexiado da Deputación provincial descrita no apartado B) da presente proposta.

D).- Indemnizacións por gastos ocasionados por comisións de servizos encomendadas a cargos electos.

En materia de indemnización por comisións de servizos rexerá o Real decreto 462/2002, do 24 de maio e disposicións de desenvolvemento ou normas que con carácter xeral o substitúan coas particularidades seguintes:

- a) Por aloxamento e gastos de viaxe en medios de transporte público, aboarase o importe do realmente gastado e xustificado documentalmente.
- b) Por manutención aboarase tamén o importe dos gastos efectivamente realizados sempre que o xustifiquen adecuadamente mediante facturas expedidas para o efecto.
- c) Cando a comisión de servizos de cargos electos inclúa tamén a funcionarios de carreira, persoal laboral ou eventuais, aplicaráselles a todos eles o réxime de indemnizacións establecido neste apartado para os cargos electos.

E).- As retribucións a que se refire o apartado A) terán plena eficacia e aplicaranse nos seguintes termos:

1. O presidente devengará as retribucións asignadas dende o día do seu nomeamento e toma de posesión, é dicir, desde o día 16 de xullo de 2015.
2. A vicepresidenta e os deputados do Grupo de Goberno percibirán as retribucións previstas cando se dean as tres condicións seguintes: se produza o seu nomeamento formal por resolución do presidente, acrediten os nomeados que reúnen as condicións para o desempeño en réxime de dedicación exclusiva e acepten expresamente o cargo, o que suporá o inicio das actividades encomendadas polo presidente nas que se

fundamentan as retribucións correspondentes.

3. Os deputados de cada grupo político con dedicación exclusiva serán nomeados polo presidente por proposta dos grupos políticos correspondentes e as súas retribucións devengarase desde que se dean as tres condicións seguintes: se produza o seu nomeamento formal, acrediten os nomeados que reúnen as condicións para o desempeño en réxime de dedicación exclusiva e acepten expresamente o cargo, o que suporá o inicio das actividades encomendadas nas que se fundamentan as retribucións correspondentes.
4. Co fin de poder cumprir os límites establecidos no artigo 75bis da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local e nos artigos 28.3, 32 e 33 do Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo, teranse en conta os seguintes criterios de actuación:
 - a) Os deputados provinciais que desenvolvan os seus cometidos con dedicación exclusiva na Deputación provincial deberán achegar, antes do 1 de marzo de cada exercicio, ou no mes seguinte á data efectiva da finalización da súa dedicación exclusiva na Deputación, a declaración de todos os importes percibidos pola concorrencia a reunións dos órganos colexiados da administración e dos organismos públicos e de Consellos de administración de empresas con capital ou control público.
 - b) O Servizo de Persoal da deputación comunicarlles aos respectivos concellos o importe das asistencias percibidas polos deputados sen dedicación exclusiva na deputación, antes do 1 de marzo do exercicio seguinte a súa percepción, excepto no ano de finalización do mandato, que o farán no mes seguinte á súa data efectiva.
 - c) Anualmente, no primeiro trimestre do exercicio, ou no mes inmediato posterior á finalización do mandato corporativo ou do cese da dedicación exclusiva na deputación, o Servizo de Persoal realizará as adecuacións oportunas para garantir o cumprimento dos límites legais establecidos nas normas de aplicación.

F).- Publicar o presente acordo na forma establecida no apartado 5 do artigo 75 da Lei reguladora das bases de réxime local e no portal de transparencia da Deputación, de conformidade co establecido no artigo 8.1.f. da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso a información e bo goberno e por analoxía ao disposto no artigo 17 da Lei 4/2006, de 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na administración pública

G) O presidente da Corporación informará ao Pleno con carácter trimestral do cumprimento do previsto na presente resolución.”

12.-PROPOSTA SOBRE A DETERMINACIÓN DO NÚMERO, CARACTERÍSTICAS E RETRIBUCIÓN DO PERSOAL EVENTUAL.

VOTACIÓN

Votan a favor: 25 deputados (12 do PP, 8 do PSOE, e 5 do BNG)

Votan en contra: 3 deputados (Marea Atlántica)

Abstéñense: 2 deputados (1 de Compostela Aberta e 1 de Alternativa dos Veciños)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE e BNG, en contra de Marea Atlántica e as abstencións de Compostela Aberta e Alternativa dos Veciños, acorda:

“Don VALENTIN GONZALEZ FORMOSO, presidente da Deputación Provincial da Coruña,

En relación ao asunto de referencia, despois de consultados os Grupos Políticos provinciais e de conformidade co disposto nos artigos 22, 89, 104 e 104 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL), no artigo 250 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGa), no artigo 12 do estatuto básico do empregado público aprobado pola Lei 7/2007, do 12 de abril, e nos artigos 20.1.d), 29 a 31 e 201 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia.

Dirixe ao Pleno a seguinte PROPOSTA de acordo:

1º.- O número, características e retribucións do persoal eventual da Deputación Provincial da Coruña será o seguinte:

Nº	CARACTERÍSTICAS (D.E. Dedicación exclusiva)	EQUIPARADO A		RETRIB. ANUAIS POSTO	TOTALS
		GRUPO	NIVEL C.D.		
2	TÉCNICOS CON D. E.	A1	NIVEL 24	48.084,26	96.168,52
6	TÉCNICOS CON D. E.	A2	NIVEL 21	35.460,23	212.761,38
10	ADMIVOS. CON D. E.	C1	NIVEL 19	28.717,78	287.177,80
8	AUXILIAR CON D. E.	C2	NIVEL 16	24.729,98	197.839,84
26	TOTALS				793.947,54

Poderá asignarse ao persoal eventual o complemento de produtividade nas condicións en que estea autorizada a súa aplicación na normativa de xeral aplicación e nas que se determinen nos acordos correspondentes.

As persoas designadas percibirán as retribucións asignadas cando se dean as tres condicións seguintes: se produza o seu nomeamento formal por resolución do presidente, se acredite polos nomeados que reúnen as condicións de capacidade e compatibilidade para o desempeño e se dea a aceptación expresa de cargo polo nomeado, o que suporá o inicio das actividades encomendadas polo presidente nas que se fundamentan as retribucións correspondentes.

Na resolución ou resolucións de nomeamento indicárase de forma xeral o contido das funcións, tarefas ou cometidos encomendados propios dos servizos xerais da Corporación provincial para a súa posterior inclusión na relación de postos de traballo da Corporación (RPT)

2º.- As retribucións expresadas actualizaranse anualmente nos mesmos termos que se determinen para os postos de traballo de persoal funcionario, consonte coas previsións xenéricas que se establezan nos Orzamentos xerais do Estado.

3º.- Publicar o presente acordo na forma establecida no apartado 5 do artigo 104.bis da Lei reguladora das bases de réxime local e no portal de transparencia da Deputación, de conformidade co establecido no artigo 8.1.f. da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso a información e bo goberno e por analogía ao disposto no artigo 17 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na administración pública galega.

4º.- Os nomeamentos dos funcionarios de emprego, as súas retribucións e o seu réxime de dedicación será obxecto da publicidade indicada no parágrafo anterior.

5º.- O presidente da Corporación informará ao Pleno con carácter trimestral do cumprimento do previsto na presente resolución.”

13.-PROPOSTA DE ASIGNACIÓN AOS GRUPOS POLÍTICOS PROVINCIAIS.

VOTACIÓN

Votan a favor: 27 deputados (12 do PP, 8 do PSOE, 5 do BNG, 1 de Compostela Aberta e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: 3 deputados (Marea Atlántica)

Abstéñense: ningún deputado

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG, Compostela Aberta e Alternativa dos Veciños, e en contra de Marea Atlántica, acorda:

“Don VALENTIN GONZALEZ FORMOSO, presidente da Deputación Provincial da Coruña,

O artigo 73.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, dispón literalmente:

“O Pleno da Corporación, con cargo aos seus orzamentos anuais, poderá asignar aos grupos políticos unha dotación económica que deberá contar cun compoñente fixo, idéntico para todos os grupos e outro variable, en función do número de membros de cada un deles, dentro dos límites que, no seu caso, se establezan con carácter xeral nas Leis de orzamentos xerais do Estado e sen que poidan destinarse ao pago de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da Corporación ou á adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial (...)

Os grupos políticos deberán levar unha contabilidade específica da dotación á que se refire o parágrafo segundo deste apartado 3, que porá ao dispor do Pleno da Corporación, sempre que este llo pida”.

Coa finalidade de asegurar unha maior participación social na actividade representativa da Deputación e harmonizar a actividade dos grupos políticos provinciais coas esixencias da transparencia na actuación pública e de rigor na xustificación do destino dos fondos públicos, propónse tomar o seguinte acordo plenario:

1) Recoller nun vindeiro expediente de modificación dos créditos orzamentarios un crédito extraordinario ou nos presupostos do exercicio 2016, na aplicación presupostaria 0000/912/489 “Outras transferencias correntes aos grupos políticos provinciais”, unha dotación suficiente para fixar un financiamento aos grupos políticos provinciais cos seguintes compoñentes:

- Fixo: Mil euros ao mes a cada grupo político.
- Variable: Cento cincuenta euros por deputado ao mes.

2) O réxime xurídico, económico e de xestión do financiamento dos grupos políticos provinciais determinarase nas Bases de execución do presuposto provincial. Como mínimo, estableceranse as seguintes regras:

a) Cada grupo político terá de solicitar na Axencia tributaria do estado o número de identificación fiscal coa denominación de “Grupo provincial ...”

b) Abrir unha conta bancaria ao nome do grupo e baixo o devandito número de identificación fiscal

c) Nomear a un membro do grupo coma autorizado para dispoñer dos fondos da conta bancaria e responsable da contabilidade do grupo, de facer as retencións tributarias que procedan e dar conta da xestión económica para o efecto de xustificar o destino dos fondos acadados. Admitirase uns rexistros contables por “partida simple” e a aplicación do principio de caixa.

d) O responsable contable do grupo terá de conservar a documentación xustificativa dos gastos, pagos e ingresos do grupo polo tempo que se fixe e por a disposición dos órganos de control interno e externo que o precisen no exercicio das súas funcións legais esa documentación, así coma os seus rexistros contables e bancarios

- e) Esta asignación non será compatible co financiamento público ou privado para a mesma finalidade, nin aplicarse ao financiamento dos partidos políticos presentes na Corporación provincial
- f) O pagamento será trimestral e terá a natureza de pago a xustificar. Os pagos periódicos esixirán a xustificación documental dos fondos recibidos no período anterior. En calquera caso, haberá unha xustificación dentro dos primeiros dez días do mes de decembro de cada exercicio e procederá, no seu caso, o reintegro dos fondos non aplicados á súa finalidade nesa data.
- g) Os pagamentos serán de facerse utilizando uns medios -transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, talón bancario ou cheque nominativo- que aseguren o seu rexistro na conta bancaria do grupo e a identificación do seu destinatario. Só, excepcionalmente, se admitirá o pago en efectivo para importes inferiores a cen euros e sempre deixando constancia documental da efectividade do pago ao terceiro debidamente identificado
- h) Cada xustificación periódica será informada pola Intervención provincial e aprobada mediante resolución do presidente
- i) A documentación xustificativa dos pagos aos grupos e a súa tramitación publicarase no Portal da transparencia da Deputación co contido permitido pola lexislación vixente

Informarase ao Pleno provincial dos importes satisfeitos e os xustificados perante o exercicio económico, co gallo da presentación da liquidación anual dos presupostos

- 3) Este financiamento será efectivo a partir da vixencia do expediente de modificación de créditos ou do presuposto no que se dote o correspondente crédito presupostario e se regule nas bases de execución o sinalado anteriormente. O primeiro pagamento será proporcional ao período de tempo que corresponda.”

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión, sendo as trece horas e quince minutos, redáctase a acta e autorízase a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.